




SERRA DA PENEDA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km (circular)

Dificultade: media

Duración: 3 horas




Un percorrido por un dos lugares máis interesantes do parque nacional da Peneda-Gerês, dun grande valor ecolóxico, xeolóxico e etnográfico. A serra da Peneda esténdese con dirección N-S e a máxima elevación é o Outeiro Alvo con 1.314 metros. Está formada por rochas graníticas espidas.




Vista da lagoa da Meadilha formada pola presa nun rego afluente do río da Peneda)

PERCORRIDO:



Para facer esta ruta pola serra da Peneda temos que achegarnos a Lamas do Mouro e alí coller o desvío á porta do Parque e uns poucos metros despois un novo desvío, á dereita, indicado como a Arcos de Valdevez por Gavieira. Baixando por el, pola estrada que é linde do parque, percorremos ao longo un fermoso val no que se atopan algunhas das fontes do río Mouro e no cambio de vertente as nacentes do río Pomba para vermos un pouco despois, á dereita, a localidade de Bouça dos Homens. No punto onde a estrada da un xiro de noventa graos á dereita para cruzar o río deixamos o coche e comezamos a camiñada. Xusto antes de cruzar o río temos á esquerda da estrada o camiño polo que temos que ir, un dos camiños que percorrían as xentes da Peneda para chegar á Bouça dos Homens, unha das brandas ás que levaban o gando. Un camiño con partes empedradas que logo empeza a gañar altura para levarnos ao cambio de vertente ao pé da impresionante mole rochosa da Penameda. Subindo por el descubriremos, ao outro lado do val do río Pomba, un foxo do lobo bastante ben conservado. Desde o cambio de vertente xa vemos, ao fondo, a lagoa e sen desviarnos do camiño, sinalado tamén con mariolas (grupos de pedras encasteladas) chegaremos a ela sen problema. A volta podémola facer polo mesmo camiño ou aventurarnos un pouco por camiño non sinalizado e, desde a pedra grande que hai ao pé da presa, subir por carreiros do gando ata acadar o cambio de vertente, desde este traxecto temos unhas fermosas vistas a ollo de paxaro da lagoa e desde o cambio de vertente unhas amplas panorámicas do conxunto da serra desde a Penameda ata o Coto Alvo e veremos, un pouco abaixo, un prado pechado cun valado; temos que baixar ata el e desde alí coller cara á esquerda, sen gañar nin perder altura, e polos carreiros do gando chegaremos a un camiño, o outro camiño que usaban os gandeiros para subir á Bouça dos Homens, que sen perda, despois de unha subida e unha boa baixada, nos conduce á estrada pola que faremos un curto traxecto ata o punto de partida. Outra opción para facer esta ruta máis completa é facer a circular desde a Nosa Señora da Peneda.




Un corzo gabeando polos penedos



Vaca de raza barroçao



Penameda



Lagoa da Meadinh



Foxo do lobo



Lagoa da Meadinh, coa Penameda á dereita